



## Ensino concertado - Táboas salariais 2019

**A CIG-ENSINO NON ASINA O ACORDO DE REVISIÓN SALARIAL 2019 DO VI CONVENIO COLECTIVO ESTATAL DE EMPRESAS DE ENSINO PRIVADO SOSTIDAS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS**

A **CIG-ENSINO**, logo das “negociacións” de actualización das táboas salariais de ensino concertado para 2019, **non asinou a revisión salarial COA SUBA DO 2,375% dende o 1 de xaneiro, máis o 0,25% dende o 1 de xullo (2,625%) para os niveis concertados e de pago delegado, e o 2% dende o 1 de xaneiro e o 2,625% dende o 1 de xullo para o resto dos traballadores/as**, ao igual que non o fixera nas anteriores táboas de 2016, 2017 e 2018, por **dous motivos** que sempre defendemos e que non se acadan no acordo asinado o 19/12/2019:

**1.- Pola consolidación da perda de poder adquisitivo que supón para todo o persoal afectado por este convenio:** perda do 4,6% de 2011 a 2015, +0,6% do 2016, +0,1% do 2017, -0,425% do 2018 = 4,875% de perda de IPC acumulado dende a sinatura do VI convenio, ao que lle hai que engadir o recorte salarial do 5% feito en 2011. Non se introduce cláusula de revisión salarial.

**2.- Porque para o persoal docente de pago delegado**, e debido á pretendida homoxeneización en todo o Estado suporá, ademais, **unha limitación ao incremento no seu salario base por enriba do recollido nos Orzamentos Xerais do Estado**, en vez de favorecer a súa mellora por medio de negociacións nas distintas Comunidades Autónomas. Por agora, en Galiza séguese a aplicar a suba en todos os conceptos retributivos, sen aplicarse dito acordo. E porque o persoal de niveis non concertados (os peor pagados) terán menos suba salarial, co 2% no 1º semestre.

O acordo foi asinado por todas as asociacións empresariais (EyG, CECE, FED-ACES e APSEC) e as organizacións sindicais FSIE - USO e UGT (asinantes do VI convenio dos “recortes”, atados polo mesmo e compracentes coa patronal) ao que este ano se suma, coma en 2018, CCOO, quedando a CIG-ENSINO como non asinante, mantendo a mesma coherencia

que nos levou a non asinar no seu día o VI convenio, así como as táboas salariais posteriores (2014, 2015, 2016, 2017 e 2018).

É unha vergoña que as OO.SS asinantes non forzasen unha “negociación real” na mesa, amosándose totalmente servís á patronal, unha vez máis, e fosen polos centros vendendo unha falsa reivindicación dos dereitos perdidos e a recuperación do IPC perdido. Nin sequera forzaron a mesma suba para todos/as os/as traballadores/as, perdendo máis os máis precarios ao aplicarlles o 2% no 1º semestre e a outros deixalos pendentos de que pague o Estado(PAS,PCT).

### Propostas de CIG-Ensino

#### PARA O PERSOAL DE NIVEIS NON CONCERTADOS

**A CIG-ENSINO PROPUXO: Suba salarial do 3% sobre táboas de 2018** para salarios superiores ao salario medio galego (18.000€), e para os que estean por debaixo suba lineal de 540 euros en 14 pagas (reducir fenda salarial entre altos/baixos). Deste xeito tamén avanzaremos na recuperación de parte da perda de poder adquisitivo, que se eleva ao 4,875%, dende a entrada en vigor do convenio.

**QUE ASINARON?: Suba do 2% dende o 1 de xaneiro e do 2,625% dende o 1 de xullo do 2019 sobre as táboas de 2018.** A este colectivo, que xa é o peor pagado de todos/as os/as traballadores/as do convenio, sóbenlle menos e leva conxelado do 2011 a 2015, o 2016 e 2017 suba do 1% e o 2018 suba do 1,625%, é dicir, acumula unha perda de poder adquisitivo do 4,875% de IPC real.

## PARA O PERSOAL DOCENTE EN PAGO DELEGADO (PAS e PCT concertados)

**A CIG-ENSINO PROPUXO:** Trasladar a negociación ás CC.AA. ante a diversidade de situacións existentes nas mesmas. En tanto isto non é posible, **fixar unhas táboas salariais conforme aos módulos de concertos recollidos nos Orzamentos Xerais do Estado** (pois temos o límite do recollido no convenio polos que venderon os vosos dereitos) e a partir de aí negociar nas distintas CC.AA. melloras salariais en salario base. Nese ámbito reivindicamos tamén o 3% (sen a limitación do convenio estatal) coa finalidade da recuperación paulatina do 4,875% de IPC perdido e os recortes sufridos nos últimos anos (5% salarios, 45€ C.A.,...). O que si non iamos asinar era unha porcentaxe á baixa, sen cláusula de revisión salarial e sen garantías de recuperar IPC perdido (a CIG-Ensino non asinou o dos funcionarios/as por non garantir a recuperación de poder adquisitivo perdido e os recortes padecidos. O que non vale para uns tampouco vale para outros/as).

**QUE ASINARON?:** Unhas **táboas salariais, co incremento do 2,375% dende o 1 de xaneiro e o 2,625% dende o 1 de xullo (este 0,25% pendente, SEN GARANTIR, para PAS e PCT a que o Estado o aplique a outros gastos)**, de validez só para Andalucía, Extremadura, Navarra, Illas Baleares, La Rioja, Ceuta e Melilla (ao ser estas as únicas que abonan os salarios tal cal os módulos que aboa o Estado). Para o resto, estas táboas serán referencia para adecuarse a elas, feito até agora imposible.

Para as CC.AA. que apliquen salarios superiores ao fixado nestas táboas, propoñen que traspasen os futuros incrementos a outros conceptos (ex. Complemento autonómico) pero non a salario base, ao cal tamén nos opomos rotundamente dende a CIG-ENSINO. A CC.AA galega non aplica estes criterios de suba, facendo caso omiso ao acordo estatal.

A insistencia no mantemento dun convenio de ámbito estatal cae polo seu propio peso. É absurdo seguir pola vía da homoxeneización de salarios en todo o Estado, e “atalo” todo a un convenio que despois non se aplica, en táboas salariais, PEA,... É necesario trasladar o ámbito de negociación alí onde se dan as condicións para chegar a acordos que sexan realistas e poidan aplicarse, é dicir, ás CC.AA., e que participen nelas as tres partes implicadas: patronais, organizacións sindicais e, polo menos, mentres sigan sendo financiados con fondos públicos, as administracións educativas correspondentes. Xa vén sendo hora de adaptarse á realidade e de respectar a pluralidade do Estado.

**De que vale un convenio estatal que non se aplica, mesmo limita e non é operativo?**

**ACCEDE A TODA A INFORMACIÓN DAS TÁBOAS SALARIAIS NA NOSA WEB**

<http://www.cig-ensino.gal/ensino-concertado.html>

### OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)